



PLAN RENOVE DE FIESTRAS 2017

MANUEL TABOADA VIGO, Alcalde do Concello de O Pino,

INFORMA que a Consellería de Economía, Emprego e Industria concede subvencións para a renovación de fiestras.

BENEFICIARIOS: As persoas físicas propietarias ou titulares de calquera dereito sobre inmobles de uso residencial e comunidades ou mancomunidades de veciños.

CONCEPTOS SUBVENCIONABLES: A renovación consistirá na substitución dunha fiestra existente por outra de igual ou inferior tamaño, ou a colocación dunha nova fiestra paralela á existente (dobre fiestra). Tamén serán subvencionable a renovación de portas que separen estancias calefactadas do exterior.

- **Carpintaría de madeira ou PVC**
- **Carpintaría metálica**

CONTÍA: Máximo de 100 € m² de oco. O importe da subvención non poderá ser superior ao 25 % do custo total da obra.

- Vivenda unifamiliar/piso: máximo 3.000 €
- Comunidades de propietarios: máximo 3.000 € por vivenda unifamiliar/piso, co máximo de 50.000 € por edificio.

PRAZO DE SOLICITUDE: *Comeza o 1 de marzo e finaliza o 29 de setembro de 2017 ou ata que se esgote o crédito.*

SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN: *Para formalizar a solicitude deberán dirixirse ás entidades colaboradoras (establecementos de venda) do Plan Renove de fiestras que serán as encargadas de vender a carpintaría e realizar a tramitación das solicitudes.*

Información sobre as entidades colaboradoras na páxina web:

<http://entidadescolaboradoras.xunta.es/adhesion/consulta/>

(Normativa: DOG, nº 21 do 31 de xaneiro de 2017)

O Pino, 24 de febreiro de 2017

O Alcalde,